

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS, CONVENIOS E OUTRAS AXUDAS DO CONCELLO DE CRECENTE

Exposición de motivos

A presente Ordenanza dítase no exercicio da potestade administrativa regulamentaria atribuída no artigo 4.1 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, do 2 de abril.

Co obxectivo de regular o tratamento das subvencións nas Administracións Públicas, foi aprobada a Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, desenvolta polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A mencionada Lei Xeral de Subvencións (LXS) cuxa Exposición de Motivos establece a necesidade de trasladar os principios reitores da Lei de Estabilidade Orzamentaria aos distintos compoñentes do orzamento; réxese pola aplicación do principio de transparencia, inspirado na Lei de Estabilidade Orzamentaria. Así mesmo rexen tamén os principios de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público á hora de tramitar as subvencións. Desta maneira, a presente ordenanza regulará a actividade subvencional deste Concello, a cal incluírá a adecuación aos citados principios e o réxime sancionador.

Todo iso vén xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo con iso a obrigaón das Administracións Públicas de actuar de acordo con os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Unha parte relevante da actividade financeira do sector público e cunha tendencia case sempre á alza canalízase destinando importantes recursos á actividade de fomento, coa finalidade de dar cumprida resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades de natureza pública ou privada.

A acción municipal de fomento é, polo demais, unha manifestación do Estado de benestar, que vai máis aló da mera prestación de servizos para converterse tamén nun Estado garante. Pero a acción de fomento implica tamén a incorporación á xestión municipal da “gobernanza”, xa que aínda que é o goberno municipal o que toma as decisións colectivas faio nun escenario de actores múltiples, moitos non gobernamentais, que participan no proceso de toma de decisións, polo que a acción de persoas particulares, empresas, entidades e sociedade civil en xeral non só non resulta indiferente ao Concello, senón que só interactuando con elas atopa unha mellor oportunidade para a consecución dos seus obxectivos.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria, adxudicando, co límite fixado no punto seguinte, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.



CAPÍTULO I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS) e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante LSG), esta ordenanza ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras xerais do procedemento de concesión de subvencións por parte do Concello de Crecente.
 2. Enténdese por **subvención**, para os efectos desta ordenanza, toda disposición dineraria realizada polo concello con cargo ao seu orzamento, en favor de persoas públicas ou privadas, ou entes sen personalidade xurídica, que cumpra os requisitos establecidos no artigo 2.1 da LXS, suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizado ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, co fin de fomentar unha actividade de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución dun fin público.
 3. A presente ordenanza será de aplicación supletoria no non expresamente regulado nas ordenanzas municipais específicas de subvencións do Concello que manteñan a súa vixencia ou que se poidan posteriormente aprobar con este carácter específico.
 4. Non estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza, as achegas a que se refiren os artigos 2.2 e 2.3 da LXS, quedando ademais excluídas:
 - a) As dotacións económicas aos grupos políticos municipais
 - b) Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario
 - c) As que se instrumenten con fondos da Unión Europea, do Estado ou da Xunta de Galicia, que se rexerán polas normas propias aplicables en cada caso.
 - d) As axudas económicas de emerxencia social e as axudas económicas temporais de especial necesidade que rexeranse pola súa ordenanza específica.
 - e) As achegas ás asociacións e outras entidades en concepto de cotas ordinarias ou extraordinarias nas que o concello sexa asociado ou membro segundo acordo de participación do Pleno do Concello.
 5. As subvencións que teñan coma finalidade a cooperación internacional ao desenvolvemento regularanse polas súas normas específicas, de conformidade co disposto na disposición adicional décimo oitava da LXS e no marco das previsións establecidas pola Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, aplicándose con carácter supletorio as normas contidas nesta ordenanza.
 6. Serán de aplicación os preceptos desta ordenanza aos actos ou negocios xurídicos que de acordo coa súa verdadeira natureza impliquen a concesión de subvencións segundo o disposto no parágrafo segundo deste artigo, con independencia da forma ou denominación que lle houberan dado as partes.
- Artigo 2. Réxime xurídico das subvencións



Artigo 2. Réxime xurídico das subvencións.

As subvencións que se outorguen polo Concello rexeranse polo disposto na presente ordenanza xeral, nas ordenanzas específicas que sexan aplicables e, excepcionalmente nas bases específicas das correspondentes convocatorias, así como polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real decreto 887/2006, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e, en materia económico-financeira, será tamén de aplicación as bases de execución dos orzamentos xerais do Concello de Crecente

Artigo 3. Simplificación e redución de cargas administrativas.

1. Os procedementos de concesión de subvencións e premios regulados na presente ordenanza deberán estar adaptados a criterios de simplificación e redución de cargas administrativas.

2. Simplificación procedimental e documental:

- a) Darase preferencia, na fase de solicitude, á declaración responsable por parte das persoas interesadas do cumprimento dos requisitos sobre a presentación de documentación acreditativa.
- b) Só poderán esixirse os documentos ou datos que sexan estritamente necesarios para conformar a vontade da Administración e resolver en cada procedemento concreto, e que a Administración non poida obter polos seus propios medios.
- c) En todo caso, non se poderá esixir a presentación de documentos ou a achega de datos que xa estean en poder das administracións públicas. Para estes efectos, a persoa solicitante deberá declarar en que administración, institución pública ou órgano administrativo consta o dato ou a documentación orixinal. A persoa solicitante deberá autorizar expresa e inequivocamente a este Concello para a petición e obtención de dita información, debendo constar este consentimento na solicitude de concesión ou en calquera outra comunicación posterior.
- d) No caso de documentos emitidos por unha autoridade competente, non se esixirá a presentación de documentos orixinais ou copias cotexadas nin traducións xuradas, salvo nos casos previstos pola normativa vixente, ou xustificadas por motivos de orde ou seguridade pública.
- e) En ningunha fase do procedemento esixírase, a efectos da comprobación dos datos de identidade persoal, a achega de fotocopias do documento nacional de identidade nin do documento acreditativo da identidade ou tarxeta de residencia das persoas estranxeiras residentes en territorio español, expedidos por autoridades españolas. A comprobación ou constancia dos datos de identidade realizarase de oficio polo órgano instructor, de acordo cos datos de identificación que obren en poder da Administración municipal, ou acudindo aos mecanismos de interoperabilidade dispoñibles.
- f) Cando sexa imprescindible acreditar de modo irrefutable os datos do



domicilio e residencia da persoa interesada no termo municipal, non se esixirá a achega do certificado ou do volante de empadramento, senón que o órgano instrutor comprobará tales datos de oficio. En todo caso, será preciso informar a persoa interesada de que os datos van ser consultados polo órgano instrutor.

- g) Nos procedementos municipais para cuxa tramitación sexa imprescindible acreditar de modo irrefutable os datos do domicilio e residencia da persoa interesada noutros municipios, o órgano instrutor comprobará tales datos, previo consentimento da persoa interesada. Si a persoa interesada non prestase o consentimento mencionado neste apartado, deberá achegar o volante de empadramento, sendo a súa non achega causa para requirirle a necesaria emenda.

3. Tramitación electrónica: Todos os procedementos e trámites realizaranse preferentemente por vía electrónica, a través da Sede electrónica do Concello de Crecente nos termos previstos no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Artigo 4. Información sobre subvencións na sede electrónica do Concello.

A sede electrónica do Concello incluírá entre os seus contidos toda a información relativa aos procedementos de concesión de subvencións e premios que permita tanto o coñecemento previo destes procedementos como, polo menos, as fases principais do seu desenvolvemento.

Artigo 5. Confidencialidade e protección de datos.

En todo caso, naqueles procedementos de subvencións, premios e axudas en especie que afecten a persoas físicas, o tratamento dos datos que se realice por cada órgano xestor deberá de observar o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 6. Plan estratéxico de subvencións. O Plan estratéxico de subvencións do Concello, establecerá os obxectivos estratéxicos e operativos, os sistemas de avaliación e marco temporal das políticas municipais en materia de axudas e subvencións.

Dado o seu carácter programático, o plan non crea dereitos nin obrigas, e a súa efectividade queda condicionada ao desenvolvemento das diferentes liñas de subvención segundo as dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio. O plan abordará as peculiaridades de funcionamento e xestión propias do sector público institucional do Concello, conforme ao principio de eficacia administrativa.

Como instrumento planificador, o plan estratéxico establecerá a necesaria coordinación coa planificación orzamentaria municipal e garantirá a necesaria transparencia, o dereito de acceso á información pública así como a reutilización de datos.

O Plan estratéxico terá un período de vixencia de tres anos, aprobándose anualmente o correspondente plan operativo para a súa incardinación no orzamento xeral municipal de cada exercicio económico.

CAPÍTULO II. Disposicións comúns ás subvencións municipais.



Artigo 7. Principios xerais.

Con carácter xeral, a xestión das subvencións estará presidida polos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, accesibilidade, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados polo Concello, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos municipais.

Artigo 8. Requisitos para o outorgamento das subvencións.

Serán requisitos previos para o outorgamento de subvencións:

- a) A competencia do órgano administrativo concedente
- b) A capacidade xurídica da persoa beneficiaria
- c) A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención
- d) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.
- e) A fiscalización dos actos administrativos de contido económico, nos termos previstos na normativa vixente.
- f) A aprobación do gasto polo órgano competente.

Artigo 9. Órgano competente para a concesión de subvencións.

O órgano competente para a convocatoria e resolución de subvencións é a Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións que poidan efectuarse.

Artigo 10. Beneficiarias.

1. Serán beneficiarios/as de subvencións as persoas físicas ou xurídicas que realicen a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.
2. No caso das persoas xurídicas, tamén terán a condición de beneficiarios/as os membros asociados do beneficiario/a que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro.
3. Cando se prevexa expresamente nas convocatorias, poderán acceder á condición de beneficiario/a as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que aplicará cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da



agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da LXS.

4. As persoas beneficiarias deberán estar domiciliados ou ter sede social no concello, debendo as asociacións e entidades sen ánimo de lucro estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Cando a actividade teña un interese especial para a veciñanza do concello poderanse conceder subvencións a persoas ou entidades non domiciliadas no mesmo nin inscritas no rexistro. A fundamentación do dito interese especial acreditarase mediante unha memoria para o efecto.

5. As actividades ou proxectos financiados a través de subvención municipal, incluídos os convenios de colaboración con outras administracións ou entidades do sector público que se tramiten conforme a Lei 40/2015, do 1 de outubro e se canalicen economicamente a través dunha subvención nominativa das previstas na LXS, deben desenvolverse no termo municipal ou íren dirixidos á súa veciñanza da, redundando sempre no seu beneficio.

Exceptúanse deste requisito as achegas municipais a actividades e actuacións que se desenvolvan no marco da lexislación sectorial de cooperación internacional para o desenvolvemento así como aquelas outras actividades ou proxectos excepcional e expresamente autorizados polo órgano competente para a execución do gasto, sempre que supoñan un beneficio obxectivo para os intereses municipais.

Artigo 11. Requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria.

1. Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades referidas no artigo 10, nas que concorran as circunstancias previstas na presente ordenanza, na convocatoria, acordo de concesión ou convenio, que se atopen na situación que fundamenta a súa concesión e nas que non concorra ningunha das circunstancias establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

A apreciación e alcance da prohibición realizarase de acordo con o disposto nos apartados 4, 5 e 6 do artigo 13 desta Lei.

2. Non se poderán recoñecer obrigas e liberar o pago de subvencións á mesma entidade ou ás súas sucesoras en tanto non quede acreditada, mediante certificación expedida polo órgano ou persoa funcionaria encargada do seguimento daquela, a xustificación total das anteriores e que respecto das cales non foi ditada resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención ou da perda do dereito á cobranza da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da LXS, así como que non foi acordada polo órgano que concede a subvención, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pagamento ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario ou entidade colaboradora, manifestando que queda a documentación en poder da área, pero a disposición da Intervención Xeral, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia para o exercicio das súas respectivas funcións fiscalizadoras.

Artigo 12. Obrigas das persoas beneficiarias.

Son obrigas das persoas beneficiarias:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.



2. Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade, o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.

3. Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá de efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, sen prexuízo de que a persoa interesada autorizase expresamente ao Concello a realizar as consultas dos datos que xa se atopen en poder doutras Administracións ou do propio Concello e que acrediten esta circunstancia.

6. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos por estas bases reguladoras, polas bases da convocatoria ou convenio de subvención, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control. 7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8. Adoptar as medidas de difusión que se determinen, facendo constar expresamente e de forma visible en calquera dos medios e materiais que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas que estas se realizan con financiamento do Concello ou de calquera dos seus organismos, nos termos que se establezan na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio e seguindo as indicacións técnicas dos manuais de imaxe corporativa municipal.

9. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos casos que se establecen na lexislación xeral de subvencións.

Artigo 13. Entidades colaboradoras.

1. O réxime xurídico aplicable ás entidades colaboradoras é o establecido na Lei 38/2003, LXS, e no seu Regulamento de desenvolvemento.

2. Son entidades colaboradoras na xestión de subvencións aquelas que actuando en nome e por conta do Concello da Coruña ou dos seus organismos públicos entreguen e distribúan os fondos públicos municipais aos beneficiarios, ou colaboren na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos, en ningún caso, consideraranse integrantes do seu patrimonio

3. Son obrigas da entidade colaboradora:

1. Entregar á entidade beneficiaria os fondos recibidos de acordo cos criterios



establecidos nas bases reguladoras da convocatoria da subvención e/ou no convenio celebrado coa entidade concedente.

2. Comprobar, no seu caso, o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

3. Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedente da subvención e, no seu caso, entregar a xustificación presentada polos beneficiarios.

4. Someterse á actuacións de comprobación que respecto da xestión de ditos fondos poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma autonómicos ou comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 14. Financiamento das actividades subvencionadas.

1. Con carácter xeral, o orzamento do proxecto ou da actividade a subvencionar presentado polo solicitante ou as súas modificacións posteriores, servirán de referencia para a determinación final do importe da subvención, calculándose este como unha porcentaxe do custo final do proxecto ou actividade. Neste caso, o eventual exceso de financiamento por parte do Concello calcularase tomando como referencia a proporción que alcance dita achega respecto do custo total, de conformidade coa normativa reguladora da subvención e as condicións da convocatoria, acordo de concesión ou convenio.

Con todo, en función da natureza e obxectivos ou fins sociais perseguidos pola subvención, a achega pública poderá consistir nun importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, nese caso entenderase que queda de conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrada, no seu caso, o financiamento público polo importe en que a mesma exceda do custo total da esta actividade.

2. A actividade subvencionada financiarase con recursos propios do beneficiario no importe ou proporción correspondente cando así se estableza na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio. Dita achega, con indicación do importe e a súa procedencia, deberá de ser acreditada a través da relación detallada doutros ingresos, recursos ou subvencións que financien a actividade subvencionada que se esixe como documentación integrante da conta xustificativa.

3. As subvencións que se concedan conforme esta Ordenanza, serán compatibles con todas as subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados nacionais, autonómicos, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a convocatoria declare a incompatibilidade con determinados ingresos ou axudas.

4. En ningún caso, poderanse outorgar subvencións por contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo dos proxectos ou actividades subvencionadas, nin superar os límites de financiamento municipal que, no seu caso, se establezan na respectiva convocatoria.

5. Cando se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades



públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, o beneficiario deberá reintegrar ao Concello o exceso que corresponda en proporción á subvención concedida por este, xunto cos intereses de demora que correspondan desde o momento en que se percibiu o importe da subvención ata o día en que, efectivamente, se proceda á súa devolución, unindo a carta de pagamento á correspondente xustificación. Non entanto, cando sexa o Concello o que advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por este.

6. Agás cando o beneficiario sexa unha administración pública, as bases da convocatoria da subvención, o convenio de subvención nominativa ou a resolución que a aprobe poderán determinar que os rendementos financeiros xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

7. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 15. Avaliación e pago por resultados.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, cando o obxectivo ou finalidade da subvención consista na obtención de resultados que poidan ser cuantificables ou medibles, mediante técnicas de avaliación, o importe da subvención ou, no seu caso, do reintegro que proceda, dependerá do grao de consecución dos resultados inicialmente previstos na correspondente convocatoria pública, acordo de concesión ou convenio.

2. O procedemento para a avaliación de resultados, así como os criterios para a gradación das cantidades que efectivamente deban percibirse en función dos resultados obtidos, ou no seu caso para a gradación do importe a reintegrar, establecerase de maneira expresa na correspondente convocatoria, acordo de concesión ou convenio.

Artigo 16. Réxime xeral de garantías.

O réxime xeral de garantías aplicable ás subvencións outorgadas polo Concello será o establecido nos artigos 42 a 54 do Regulamento da LXS.

CAPÍTULO III. Procedementos de concesión.

Artigo 16. Procedementos de concesión.

1. As subvencións poderán concederse en réxime de concorrência competitiva, que será o procedemento ordinario, ou de forma directa.

2. O procedemento de concorrência competitiva se realizará mediante a comparación de solicitudes, ao obxecto de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados na convocatoria, procedendo á concesión a aquelas que obtivesen maior valoración de conformidade cos citados criterios. Con todo, non será necesario fixar unha orde de prelación no caso de que o crédito consignado na convocatoria fóra suficiente para atender, unha vez finalizado o prazo de presentación, todas as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos. Asemade, a convocatoria poderá tamén excepciónar do



requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario. Excepcionalmente, sempre que así se prevexa na convocatoria, o órgano competente procederá ao rateo, entre as persoas beneficiarias da subvención, do importe global máximo destinado na convocatoria.

3. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente no orzamento xeral, nos termos recollidos nos convenios ou acordos de concesión.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo con a súa propia normativa.
- c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA.

Artigo 17. Iniciación.

17.1.- O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrència iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria pública aprobada polo órgano competente, de acordo coa presente ordenanza, o Capítulo II do Título I da Lei 38/2003, LXS e o seu Regulamento de desenvolvemento, e o disposto na Lei 9/2007, LSG.

Considerando o contido necesario establecido no artigo 23.2 da LXS, a convocatoria establecerá:

- 1. Obxecto da subvención.
- 2. Liña estratéxica e específica do Plan estratéxico municipal de subvencións ás que corresponde a convocatoria.
- 3. Requisitos que deben reunir as persoas ou entidades solicitantes para a obtención da subvención e condicións de solvencia e eficacia que deben de reunir e forma de acreditarlos.
- 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes, fixado en días hábiles, con expreso detalle da documentación que debe de achegar coa solicitude.
- 5. Aplicación orzamentaria que financia a convocatoria, contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles, así como a posibilidade de incrementar esta a modo de contía adicional sen necesidade de nova convocatoria. A dotación máxima poderá ampliarse en función das solicitudes recibidas e da dispoñibilidade orzamentaria. No caso de que se produzan remanentes na dotación dalgunha das partidas da convocatoria, o importe correspondente poderase aplicar á dotación das outras partidas en función das solicitudes admitidas.
- 6. No caso de subvencións plurianuais, contía máxima a conceder, así como a súa distribución por anualidades, dentro dos límites fixados pola normativa orzamentaria, as Bases de execución do orzamento municipal e o Plan estratéxico de subvencións.
- 7. Procedemento de concesión
- 8. Criterios obxectivos de outorgamento da subvención.
- 9. Criterios para establecer a contía individualizada da subvención, así como a existencia, no seu caso, de determinar unha porcentaxe de financiamento propio e



forma de acreditarlo.

10. Órganos competentes para la ordenación, instrucción e resolución da convocatoria, así como determinación das persoas que compoñen a comisión de valoración.

11. Prazo de resolución.

12. Posibilidade de reformulación da solicitude.

13. Forma de acreditar a aceptación.

14. Período de execución da actividade ou proxecto, indicando o prazo máximo para o seu remate e a posibilidade de pedir prórroga.

15. Publicidade que debe dar a persoa beneficiaria á subvención, con indicación dos medios posibles que ha utilizar para tal fin.

16. Determinación, no seu caso, dos rexistros contables específicos para garantir a axeitada xustificación da subvención.

17. Forma e prazo de xustificación, indicando a documentación concreta a aportar.

18. Forma de acreditar a realización das actividades incluídas noutras subvencións concedidas ás persoas beneficiarias con anterioridade, para o mesmo destino e finalidade.

19. Posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deben aportar as persoas beneficiarias.

20. Circunstancias que poden dar lugar á modificación da resolución.

21. Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade.

22. Criterios de gradación de posibles incumprimentos

23. Posibilidade y límites da subcontratación.

24. Período durante o que a persoa beneficiaria, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, debe destinar ditos bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro publico, nin a dous para o resto de bens. 25. Indicación dos recursos que procedan contra a resolución da convocatoria.

17.2 As persoas interesadas deberán presentar a solicitude de subvención no modelo normalizado que se determine na convocatoria. O prazo para presentar a solicitude establecerase na convocatoria, non podendo ser inferior a cinco días hábiles.

Na solicitude, a persoa interesada manifestará, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente e na convocatoria para ser beneficiaria da subvención, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo no que goce da condición de beneficiaria.

17.3 Nas convocatorias poderá esixirse a presentación da documentación coa que haxan de acreditarse os méritos ou circunstancias a valorar no procedemento de concesión.

17.4 Cando a solicitude corresponda a agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, a comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, cumplan os requisitos necesarios para obter a condición de persoa beneficiaria, deberase:



a) Presentar un escrito do compromiso de execución asumido por cada un dos membros que a integren, así como o importe da subvención a aplicar por cada un deles.

b) Nomear una persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como persoa beneficiaria, corresponden á agrupación.

c) Asumir o compromiso de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

17.5 As convocatorias poderán prever a existencia, ao longo da tramitación dos procedementos e, en todo caso, nas fases en que así se estipule na lexislación aplicable, da **documentación acreditativa** das circunstancias que concorran nos solicitantes e haxan de ser comprobadas con carácter previo ao outorgamento da subvención. En todo caso, esixirase a seguinte documentación:

a) Acreditación do poder de representación, nos casos en que proceda.

b) Se a persoa solicitante é unha persoa xurídica, copia da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como acreditación do poder de representación

c) Cando se trate de membros asociados da persoa solicitante que poidan chegar a ter a consideración de persoas beneficiarias, presentárase escrito de compromiso por parte dos membros asociados indicando si realizarán a totalidade ou parte, sinalando, neste caso, a parte a realizar das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta da persoa beneficiaria.

17.6 As solicitudes irán dirixidas ao órgano competente para a concesión da subvención e presentáranse, xunto coa documentación esixida, no Rexistro municipal que debe de indicar a convocatoria. As solicitudes presentáranse de forma telemática na sede electrónica do Concello por parte das persoas obrigadas nos termos previstos no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Cando a solicitude non reúna os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá a persoa interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que si non o fixese teráselle por desistido da mesma.

A convocatoria poderá prever a substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable da persoa solicitante. Neste caso, con anterioridade á proposta de resolución de concesión da subvención, deberase de requirir polo órgano instructor a presentación da documentación que acredite a realidade dos datos contidos na citada declaración, nun prazo non superior a dez días hábiles. O incumprimento de dita condición implicará a desistencia da solicitude, previa resolución do órgano competente. Non se poderá requirir a aportación de documentos que xa obren en poder da administración municipal.

A presentación da solicitude supón a autorización ao órgano xestor municipal para a solicitude telemática dos correspondentes certificados tributarios e da Seguridade Social.

Artigo 18. Tramitación anticipada.

1. A convocatoria poderá aprobarse nun exercicio orzamentario anterior a aquel no que vaia ter lugar a súa resolución, sempre que a execución do gasto se realice na mesma anualidade na que se produce a concesión e se cumpra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que exista normalmente crédito adecuado e suficiente para a cobertura



orxamentaria do gasto de que se trate nos orxamentos municipais.

b) Que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de orxamentos municipais para o exercicio seguinte.

2. Nestes casos, a contía total máxima que figure na convocatoria terá carácter estimado, polo que deberá de facerse constar expresamente na mesma que a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión, sen que a omisión final de crédito que impedira a concesión da subvención supoña dereito indemnizador algún en favor dos solicitantes. Nos supostos nos que o crédito orxamentario que resulte aprobado no orxamento municipal fora inferior ou superior á contía inicialmente estimada, o órgano xestor decidirá a súa aplicación o redistribución á convocatoria, previa tramitación do correspondente expediente de gasto antes da resolución, sen necesidade de nova convocatoria.

3. No expediente de gasto que se tramite con carácter previo á convocatoria, o certificado de existencia de crédito será substituído por un certificado expedido pola Oficina Orxamentaria municipal, por proposta do servizo xestor da convocatoria, no que se faga constar que concorre algunha das circunstancias previstas no apartado 1 deste artigo.

4. Estarase en todo caso as previsións que ao respecto conteñan as bases de execución dos orxamentos anuais.

Artigo 19. Instrución.

1. Os órganos encargados de instruír os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrencia serán os que se indiquen nas respectivas convocatorias.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións e actividades estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude das cales deba formularse a proposta de resolución. Así mesmo poderá pedir cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

2. Os criterios obxectivos para o outorgamento da subvención, e no seu caso a ponderación dos mesmos, así como os criterios para establecer a súa contía, estableceranse na convocatoria.

Artigo 20. Resolución.

1. A resolución, ditada polo órgano competente, haberá de ser motivada de conformidade co que dispoña a convocatoria e ademais de conter o solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto de solicitudes e, se proceder, a non concesión por desistencia, renuncia ao seu dereito ou imposibilidade material sobrevida.

2. Cando conforme ao establecido na presente ordenanza, fóra necesario establecer unha orde de prelación de solicitudes, a resolución de concesión incluírá unha relación ordenada de todas aquelas que cumprindo coas condicións administrativas e técnicas fixadas para adquirir a condición de beneficiario, non sexan estimadas por pasarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma.

Se se renunciase á subvención por algúns dos beneficiarios, o órgano concedente acordará, sen necesidade de unha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel en orde á súa puntuación.

3. Na resolución deberán de quedar claramente identificados os compromisos



asumidos polos beneficiarios e cando o importe da subvención e a súa percepción dependan da realización por parte do beneficiario dunha actividade proposta polo mesmo, deberá de quedar claramente identificada tal proposta ou o documento onde se formulou.

4. A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Conforme ao disposto no artigo 23.4 da LSG, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución non poderá ser superior aos nove meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea.

O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, agás que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior. Transcorrido o prazo máximo sen que se notifique a resolución, os persoas interesadas poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 21. Convocatoria aberta.

1. A convocatoria aberta consiste no acto administrativo polo que se acorda, de forma simultánea, a realización de varios procedementos de selección sucesivos, ao longo dun exercicio orzamentario, para unha mesma liña de subvención.

2. Na convocatoria aberta deberá de concretarse o número de procedementos sucesivos que se realizarán e, para cada uno de eles:

a) o importe máximo a outorgar.

b) o prazo máximo de resolución de cada un dos procedementos.

c) o prazo no que, para cada uno deles, poderán presentarse as solicitudes.

3. En cada un dos procedementos deberán de compararse as solicitudes presentadas no correspondente período de tempo e acordar o outorgamento sen superar a contía que para cada procedemento se establecese na convocatoria aberta.

Cando á finalización dun procedemento se concedesen as subvencións correspondentes e non se esgotase o importe máximo a outorgar, poderase trasladar a cantidade non aplicada aos posteriores procedementos.

Para poder facer uso desta posibilidade deberán de cumprirse os seguintes requisitos:

a) Deberá de estar expresamente previsto na convocatoria, onde se recollerán ademais os criterios para a asignación dos fondos non empregados entre os períodos restantes. b) Unha vez recaída a resolución do procedemento, o órgano concedente deberá acordar expresamente as contías a trasladar e o período no que se aplicarán. c) O emprego desta posibilidade non poderá supoñer en ningún caso menoscabo dos dereitos dos solicitantes do período de orixe.

CONCESIÓN DIRECTA.

Artigo 22. Concesión directa.

1. Son subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral do Concello da Coruña e das entidades que conforman o seu grupo institucional, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados de forma



